O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 19-10-2026 ata a día 19-11-2026
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA
P.O.

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 9 DE OUTUBRO DE 2026 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E AS BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA DUN/DUNHA (1) PRAZA/POSTO DE EDITOR/A VÍDEO, CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADA Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDA NA OE 2024.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 9 de outubro de 20265 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO PARA QUE APROBE A CONVOCATORIA E AS BASES ESPECIFICAS PARA A COBERTURA DUN/DUNHA (1) PRAZA/POSTO DE EDITOR/A VÍDEO DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADA Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDA NA OE 2024.

Na Oferta de Emprego desta Entidade para o ano 2024 (BOP núm. 301, do 31.12.2024), inclúense a praza/posto número 3363/1742, denominada Editor/a Vídeo / Editor/a Vídeo Nivel I do Cadro de persoal laboral, reservada a promoción Interna vertical.

Visto que no cadro de persoal está vacante e dotada 1 praza denominada Editor/a Vídeo, reservada a promoción interna vertical.

Visto que na RPT está vacante e dotado o posto denominado Editor/a Vídeo Nivel I asociado á praza ante mencionada.

Constatándose a necesidade da cobertura da praza que a continuación se relaciona, proponse á Presidencia que eleve a presente proposta á Xunta de Goberno para que segundo as facultades que lle confire o artigo 59.5 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 3.09.2020), ACORDE:

***1º** Aprobar a convocatoria para prover a seguinte praza/posto, reservada a promoción interna vertical:*

OEP	NÚM. VACANTES	Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	RX	GRUPO/ SUBGR	Nº POSTO
2024	1	3363	Editor/a Vídeo / Editor/a Vídeo Nivel I	L	C-C1	1742

***2º** Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais aprobadas para os procesos selectivos para cubrir prazas de persoal funcionario e laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal) na Deputación Provincial de Lugo.*

***3º** Aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais que rexerán o procedemento selectivo para cubrir 1 praza/posto de Editor/a Vídeo / Editor/a Vídeo Nivel I, reservada a promoción interna vertical.*

***4º** Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente proceso selectivo.*

***5º** Ordenar a publicación da presente convocatoria e das bases específicas, nos boletíns oficiais e lugares que se determinen nas bases xerais.*

***6º** Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.*

Anuncio publicado en: Núm BOP 239 año 2026 (19/10/2026 00:00:00)

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita".

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA CUBRIR UNHA (1) PRAZA DE EDITOR/A VÍDEO DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADA Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDA NA OE 2024.

1. OBXECTO.

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais para acceso a prazas de persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo, reservadas a promoción interna vertical.

2. CARACTERIZACIÓN DAS PRAZAS.

OEP	NÚM. VACANTES	Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	RX	GRUPO/ SUBGR	Nº POSTO
2024	1	3363	Editor/a Vídeo / Editor/a Vídeo Nivel I	L	C-C1	1742

3. COMETIDO FUNCIONAL.

Atendendo ao réxime xurídico laboral destas prazas, o seu cometido funcional establécese conforme ao Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; e no que resulte aplicable no Capítulo IV do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. En conto ao contido funcional dos correspondentes postos de traballo será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo ou, se é o caso, disposición que a substitúa. En ausencia dos anteriores instrumentos, os ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou polo correspondente superior xerárquico.

4. REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES.

Como complemento á base xeral 4.a), as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de bacharelato ou equivalente e posuír unha antigüidade de cando menos, dous anos de servizo activo como persoal laboral fixo na praza de Editor/a Vídeo "A extinguir".

5. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN. FASE DE OPOSICIÓN.

Segundo o estipulado na Base Xeral 8, o proceso consistirá na superación do seguinte exercicio:

5.1 EXERCICIO – PRÁCTICO

Esta proba consistirá na realización dun suposto práctico relacionado coas materias do programa establecido na base específica 6 e poderá consistir na formulación de distintas preguntas-simulacións, elaborar informes ou propostas ou calquera outra actuación na que se poda comprobar as habilidades e capacidade de resolución das persoas aspirantes.

O tempo máximo para realizar o exercicio será determinado polo Tribunal.

O exercicio poderá ser lidos pola persoa aspirante diante do Tribunal na data que este determine, podendo asistir ao devandito acto as demais persoas participantes nesta proba.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada aspirante.

O Tribunal decidirá se as persoas aspirantes, para a realización do exercicio poden vir provistas da normativa, excluíndose textos doutrinais, textos legais concordados, anotados e/ou comentados, formularios ou similares.

Este exercicio poderá ser realizado ou transcrito utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias a criterio do Tribunal.

Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos formulados.

A puntuación deste exercicio será de 60 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 30 puntos.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

Exención de materias: ver base xeral 8.1.1.

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 19-10-2026 ata a día 19-11-2026
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA
P.O.

Anuncio publicado en: Num BOP 239 año 2026 (19/10/2026 08:00:00)

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 19-10-2026 ata a día 19-11-2026
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA
P.O.

5.2 PROBA DE GALEGO.

Consistirá na realización dunha tradución dun texto do castelán ao galego ou do galego ao castelán no tempo máximo de 45 minutos.

Estarán exentos de realizar esta proba as persoas aspirantes que acrediten posuír o nivel de galego Celga 4 ou titulo equivalente debidamente homologado.

Esta proba valorarase como apto ou non apto e será necesario para superala obter o resultado de apto.

A proba terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

6. PROGRAMA DE ACCESO A UNHA (1) PRAZA DE EDITOR/A VÍDEO DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADA Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDA NA OE 2024.

6.A) MATERIAS COMÚNS

1. A Constitución Española de 1978. Aspectos esenciais desta. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.

2. Principais órganos do Estado: a Coroa e as Cortes Xerais.

3. O Goberno e a Administración na Constitución Española.

4. A organización territorial do Estado. Distintas Administracións Públicas. A administración do Estado, autonómica e local.

5. A Comunidade Autónoma de Galicia. Idea esencial das súas competencias. A súa organización institucional.

6. A provincia como entidade local. Competencias. A Deputación Provincial de Lugo: organización básica, complementaria e administrativa.

7. Principios de actuación da Administración Pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. A administración electrónica.

8. O persoal ao servizo das Corporacións Locais. Dereitos e deberes dos funcionarios ao servizo da Deputación Provincial de Lugo.

6.B) MATERIAS ESPECÍFICAS:

9. A imaxe audiovisual: Formación e características da imaxe. Encadre, resolución, relación de aspecto e frecuencia de imaxe. Exploración entrelazada e progresiva. Imaxe fixa e imaxe en movemento. Aplicación destes conceptos á edición audiovisual.

10. O sinal de vídeo: Conceptos básicos do sinal analóxico e dixital. Luminancia e crominancia. Sincronismos. Niveis do sinal de vídeo. Características xerais dos sistemas PAL, NTSC e SECAM. Transición da televisión analóxica á dixital.

11. Parámetros do vídeo dixital: Resolución, frecuencia de cadros, profundidade de bits e taxa de datos. Submostraxe de crominancia. Relación entre estes parámetros, a calidade da imaxe e o tamaño dos ficheiros. Identificación das características técnicas dun material audiovisual.

12. Formatos, códecs e contedores: Diferenza entre formato, códec e contedor. Compresión con perdas e sen perdas. Características xerais de H.264, H.265, ProRes, DNxHD e DNxHR. Contedores MOV, MXF e MP4. Formatos de adquisición, edición, distribución e arquivo.

13. A cor na imaxe audiovisual: Temperatura de cor, balance de brancos, exposición, contraste e saturación. Nocións básicas de RGB e YCbCr. Espazos Rec. 709 e Rec. 2020. Diferenzas básicas entre SDR e HDR. Conservación da coherencia de cor durante a edición e a exportación.

14. Principios da linguaxe audiovisual: Tipos e tamaños de plano. Angulacións e movementos de cámara. Campo e fóra de campo. Profundidade de campo. Función narrativa e informativa dos planos. Relación entre imaxe, son e texto.

15. Composición da imaxe: Encadre, equilibrio, peso visual, dirección da mirada, aire, simetría, perspectiva e regra dos terzos. Composición estática e dinámica. Aplicación dos criterios de composición á selección de planos e ao reencadre.

16. Teoría da montaxe: Concepto e funcións da montaxe. Selección, ordenación e duración dos planos. Montaxe narrativa, descritiva, rítmica, expresiva e conceptual. Construción do tempo e do espazo audiovisual.

17. Continuidade audiovisual: Raccord de posición, movemento, dirección, mirada, luz, vestiario e son. Eixe de acción e regra dos 180 graos. Regra dos 30 graos. Entradas e saídas de campo. Saltos de continuidade e recursos para resolvelos na edición.

18. Ritmo e estrutura dunha peza audiovisual: Ritmo interno e externo. Duración dos planos. Relación entre imaxe, locución, declaracións, música, efectos e silencio. Estrutura de inicio, desenvolvemento e peche. Adaptación do ritmo ao contido e á duración da peza.

Anuncio publicado en: Num BOP 239 año 2026 (19/10/2026 08:00:00)

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación
desde o día 19-10-2026
ata a día 19-11-2026
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA
P.O.

19. Operacións e técnicas de edición: Corte, fundido, encadeado e outras transicións. Edición por inserción e sobrescritura. Edición de tres puntos. Corte sobre a acción. Planos recurso. Axuste da duración dos planos. Cambios de velocidade, conxelacións e remapeado temporal básico.

20. Sistemas de edición non lineal: Características xerais dos programas profesionais de edición. Interface, proxectos, secuencias, visores, pistas, liña de tempo e paneis de medios. Ferramentas básicas de selección, corte, desprazamento, trimado e substitución de planos.

21. Creación e configuración dun proxecto: Creación de proxectos e secuencias. Configuración da resolución, relación de aspecto, frecuencia de imaxe, audio e espazo de cor. Modelos de proxecto. Gardado automático, recuperación e organización das diferentes versións.

22. Inxesta e preparación dos materiais: Recepción, descarga, copia e verificación dos ficheiros. Comprobación dos soportes. Clasificación e visionado. Selección de tomas. Creación de proxies. Transcodificación, reenlace e consolidación de materiais.

23. Organización dos proxectos de edición: Estrutura de cartafoles e bins. Nomenclatura de ficheiros, secuencias e versións. Etiquetas, marcadores e metadatos básicos. Separación de brutos, recursos, grafismos, músicas, locucións, proxectos e exportacións.

24. Código de tempo e sincronización: Concepto e utilidade do código de tempo. LTC e VITC. Código de tempo de orixe e de secuencia. User bits. Sincronización mediante código de tempo, claqueta e forma de onda. Sincronización de materiais procedentes de varias cámaras e gravadores.

25. Edición multicámara: Preparación e sincronización dos sinais. Creación dunha secuencia multicámara. Selección e cambio de cámaras. Axuste dos puntos de corte. Mantemento da continuidade visual e sonora. Aplicación a actos, entrevistas, conferencias, concertos e programas.

26. Intercambio e recuperación de proxectos: Importación e exportación de proxectos e secuencias. Nocións básicas de XML, AAF e EDL. Reconexión de medios. Empaquetado e consolidación. Recuperación dun proxecto cando faltan ficheiros, fontes, efectos ou vínculos.

27. Edición de pezas informativas: Montaxe de noticias, declaracións, comparecencias, entrevistas e reportaxes breves. Selección de totais e imaxes de recurso. Relación entre locución e imaxe. Identificación de persoas e lugares. Respecto ao significado e ao contexto das declaracións.

28. Edición de vídeos institucionais: Características da comunicación audiovisual das administracións públicas. Montaxe de actos, campañas, visitas, presentacións e contidos de servizo público. Claridade da mensaxe, identificación da fonte e aplicación da identidade gráfica institucional. Principios de veracidade, neutralidade e respecto á finalidade pública da comunicación.

29. Edición de reportaxes e documentais: Organización de entrevistas, testemuños, recursos e material de arquivo. Construción dunha estrutura narrativa a partir de materiais gravados. Selección de fragmentos. Continuidade temática. Utilización contextualizada das declaracións e dos documentos.

30. Edición de programas, actos e espectáculos: Montaxe de programas culturais, musicais, divulgativos e de entretemento. Edición de actos institucionais, conferencias e espectáculos. Selección de cámaras. Continuidade entre intervencións, actuacións, público e imaxes de recurso.

31. Edición para internet e redes sociais: Características dos formatos horizontal, vertical e cadrado. Adaptación da duración, o encadre e o ritmo. Reels, stories e pezas breves. Inserción de subtítulos e rótulos. Creación de diferentes versións a partir dunha mesma edición.

32. Corrección básica de cor: Corrección da exposición, balance de brancos, contraste, negros, altas luces e saturación. Igualación de planos procedentes de cámaras ou condicións de gravación diferentes. Curvas, rodas de cor e máscaras básicas. Uso prudente de LUT.

33. Instrumentos de control da imaxe: Monitor de forma de onda, vectorscopio, histograma e parade RGB. Interpretación básica da información. Detección de niveis incorrectos, dominantes, recortes en luces e negros e cores fóra de rango. Comprobación visual en monitor.

34. Rotulación, subtitulado e grafismo audiovisual: Títulos, cabeceiras, créditos e rótulos identificativos. Creación, sincronización e revisión de subtítulos. Tipografía, tamaño, posición, contraste e tempo de lectura. Zonas seguras. Principios básicos de accesibilidade aplicados aos textos en pantalla. Aplicación da identidade corporativa. Utilización e modificación de modelos gráficos previamente definidos.

35. Efectos, composición básica e ferramentas automatizadas: Traballo con capas. Opacidade, máscaras e modos de fusión. Incrustación mediante chroma key. Estabilización, seguimento básico, reencadre e desenfoque de elementos. Ferramentas automatizadas para transcrición, subtitulado, limpeza ou tratamento de materiais. Revisión dos resultados. Criterios para empregar estes recursos sen alterar o significado nin a veracidade das imaxes.

36. Fundamentos e edición do son: Frecuencia, amplitude, intensidade, ton e timbre. O decibelio. Son mono, estéreo e multicanle. Frecuencia de mostraxe e profundidade de bits. Edición de voz, música, ambientes e efectos. Fundidos, ecualización básica, redución de ruído, compresión e limitación.

Anuncio publicado en: Num BOP 239 año 2026 (19/10/2026 08:00:00)

37. Mestura e control de audio: Organización das pistas. Axuste e automatización de niveis. Continuidade sonora. Relación entre diálogos, locución, música, ambientes e efectos. Medición de picos e sonoridade. Prevención da saturación. Sincronía entre imaxe e son.

38. Exportación e control de calidade: Configuración da exportación segundo o destino. Máster, copia de emisión, ficheiro de consulta e versión para redes sociais. Resolución, códec, taxa de bits, frecuencia, audio e espazo de cor. Revisión de imaxe, son, rótulos, subtítulos, duración e sincronización. Identificación e corrección de erros.

39. Arquivo e conservación dos proxectos: Organización dos brutos, proxectos, grafismos, músicas, locucións, másteres e versións. Copias de seguridade. Verificación das copias. Almacenamento local e compartido. Recuperación de proxectos. Metadatos básicos. Preparación dos materiais para a súa conservación e reutilización.

40. Dereitos e uso responsable dos materiais audiovisuais: Propiedade intelectual dos vídeos, fotografías, músicas, grafismos, guións, locucións e materiais de arquivo. Licenzas, autorizacións, dominio público e licenzas abertas. Dereito á propia imaxe e protección de datos. Uso de imaxes de menores e doutros colectivos especialmente protexidos. Confidencialidade, integridade dos contidos e respecto aos dereitos de terceiros no emprego de ferramentas dixitais e de intelixencia artificial.

Lugo, 13 de outubro de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2789

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación
desde o día 19-10-2026
ata a día 19-11-2026
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA
P.O.

Anuncio publicado en: Num BOP 239 año 2026 (19/10/2026 08:00:00)